

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN 4º ESO LATÍN

### Contidos mínimos

- Do indoeuropeo ás linguas romances. Historia sucinta da lingua latina: latín arcaico, clásico e vulgar.
- A escritura en Roma. Abecedario, pronunciación e acentuación.
- Flexión nominal, pronominal e verbal. Formas non flexivas.
- Sintaxe dos casos. Uso das preposicións máis frecuentes.
- A estrutura da oración. A concordancia. Orde de palabras. Oracións simples e compostas.
- Coordinación, subordinación, xustaposición. Conxuncións subordinantes máis frecuentes. Iniciación nas técnicas de traducción e no comentario de textos.
- Análise morfosintáctica. Comparación de estruturas entre o latín, o galego e o castelán.
- Lectura comprensiva de obras e fragmentos traducidos con comentario do seu contexto histórico, social e cultural.
- Aprendizaxe do vocabulario latino: fundamentalmente léxico transparente e principais prefixos e sufixos.
- Nocións básicas da evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ás linguas hispánicas. Palabras patrimoniais e cultismos.
- Expresións latinas incorporadas á linguaxe habitual.
- Sinopse histórica do mundo romano dos séculos VIII a.C. ao VI d.C.
- Monarquía, República e Imperio.
- Organización política e social de Roma. Maxistraturas e clases sociais. A relixión.
- O exército.
- Aspectos máis relevantes da vida cotiá en Roma. A educación, a familia, os espectáculos.
- A transmisión da literatura latina. Etapas da literatura latina. Os xéneros literarios.

## **Criterios de Avaliación**

1. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos ou culturais.

Este criterio pretende verificar a capacidade de comprender o contido dun texto, identificar acontecementos, personaxes e aspectos da civilización romana, e relacionar os datos do texto con referentes actuais.

2. Distinguir nas distintas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización.

Este criterio trata de comprobar se se identifican os principais elementos da mitoloxía clásica e o patrimonio arqueolóxico romano en diversos contextos expresivos, textos literarios e iconografía de calquera tipo, se se comprende o seu significado específico e se se advirte o seu valor como fonte de inspiración.

3. Aplicar as regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que dean orixe termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para utilizar os mecanismos de evolución fonética e analizar as diferenzas de significado entre as palabras dunha mesma orixe.

4. Identificar componentes de orixe grecolatina en palabras de linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico.

Este criterio trata de comprobar a capacidade de recoñecer os formantes gregos e latinos en diferentes contextos lingüísticos e producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos.

5. Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas as linguas coñecidas polo alumnado e explicar o seu significado en expresións orais e escritas.

Este criterio pretende verificar se o alumnado identifica e comprende as expresións latinas integradas nas linguas modernas e se é capaz de utilizalas de xeito coherente.

6. Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua.

Con este criterio trátase de constatar a comprensión do funcionamento básico da lingua latina e a capacidade de establecer analoxías e diferenzas con elementos e estruturas da súa propia lingua.

7. Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina.

Este criterio intenta comprobar se o alumnado asimilou as estruturas morfolóxicas e sintácticas elementais da lingua latina e se son capaces de recoñecelas para realizaren traducións directas ou inversas de textos elaborados de escasa dificultade.

8. Manexar recursos que lle permitan ao alumnado elaborar, guiado pola profesora, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.

Este criterio quere comprobar se o alumnado é quen de buscar información en fontes e formatos diversos, selecciónala, organizala e, despois da elaboración dun texto, expresala con orde, coherencia e cohesión.

### **Criterios de cualificación**

Realizaranse tres exames por avaliación. En cada exame haberá unha ou dúas preguntas de Roma e o seu legado e o resto das cuestións serán de lingua latina, interpretación de textos e evolución do léxico latino. O alumnado que non supere as cuestións de Roma e o seu legado en cada unha das probas terá que recuperalas. Os dous primeiros exames valen un 40% e o último de cada avaliación un 60%. Non haberá exames de recuperación. Considérase a materia recuperada ao aprobar a seguinte avaliación. Para que as probas de cada avaliación poidan facer media terán que ter unha nota superior a 3 puntos cada unha. A nota final será a media das tres avaliacións.

Terase en conta o traballo diario e a presentación da libreta debidamente correxida

## CRITERIOS AVALIACIÓN LATÍN 1º BACHARELATO

### CONTIDOS MÍNIMOS

#### I. A lingua latina

Do indoeuropeo ás linguas romances. Historia sucinta da lingua latina: latín arcaico, clásico e vulgar.

A escritura en Roma. Abecedario, pronunciación e acentuación.

Flexión nominal, pronominal e verbal. Formas non flexivas.

Sintaxe dos casos. Uso das preposicións máis frecuentes.

A estrutura da oración. A concordancia. Orde de palabras. Oracións simples e compostas.

Coordinación, subordinación, xustaposición. Conxuncións subordinantes máis frecuentes.

#### II. Os textos latinos e a súa interpretación

Iniciación nas técnicas de tradución e no comentario de textos.

Análise morfosintáctica. Comparación de estruturas entre o latín, o galego e o castelán.

Lectura comprensiva de obras e fragmentos traducidos con comentario do seu contexto histórico, social e cultural.

#### III. O léxico latino e a súa evolución

Aprendizaxe do vocabulario latino: fundamentalmente léxico transparente e principais prefixos e sufixos.

Nocións básicas da evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ás linguas hispánicas. Palabras patrimoniais e cultismos.

Expresións latinas incorporadas á linguaxe habitual.

#### IV. Roma e o seu legado

Sinopse histórica do mundo romano dos séculos VIII a.C. ao VI d.C.

Monarquía, República e Imperio.

Organización política e social de Roma. Maxistraturas e clases sociais. A relixión.

O exército.

Aspectos máis relevantes da vida cotiá en Roma. A educación, a familia, os espectáculos.

O dereito romano e a súa pervivencia nos ordenamentos xurídicos posteriores.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Ler palabras e frases latinas dando a entoación axeitada e tendo en conta o acento prosódico.

Establecer comparacións entre latín e galego indicando coincidencias e diferencias en morfoloxía e sintaxe.

Indicar as orixes da lingua galega e doutras linguas que o alumno/a coñeza.

Clasificar unha serie de datos segundo se refiran ó pasado lendario ou histórico de Roma.

Declinar en singular e plural palabras da primeira declinación.

Analizar algunhas formas verbais de verbos da primeira conxugación e traducilas ó galego.

Construír dúas oracións copulativas e dúas oracións predicativas indicando as funcións das palabras.

Presentar de xeito resumido, mediante un esquema, algunhas das características do período da Monarquía en Roma.

Analizar e traducir unhas oracións que inclúan termos da primeira declinación e da segunda, verbos da primeira conxugación e da segunda, complementos do suxeito e do predicado, especialmente complementos directos e circunstanciais expresados mediante acusativo con ou sen preposición.

Traducir do galego ó latín algunhas oracións simples.

Indicar a evolución sufrida polas vogais destacadas nunhas palabras latinas e as correspondentes na lingua galega).

Escribir termos cultos e derivados patrimoniais de palabras latinas (*apicula, materia...*).

Mencionar semellanzas e diferencias entre o sistema social e político republicano e o da sociedade actual.

Deducir o nominativo de palabras da terceira declinación con tema en consoante.

Analizar morfoloxicamente formas verbais da terceira conxugación de tema en consoante).

Analizar e traducir oracións simples tendo en conta os predicativos do suxeito e do obxecto e as funcións do caso xenitivo).

Escribir palabras galegas que proceden da evolución de vocais e ditongos latinos en sílaba átona.

Confeccionar unha lista de polo menos dez palabras cultas galegas procedentes de étimos latinos e gregos.

Reproducir un tema (de pouca extensión) a partir do esquema que se fixo sobre a expansión de Roma durante a República, tendo en conta tamén a chegada dos romanos á península Ibérica.

Declinar parellas de nomes e adxectivos da terceira declinación.

Analizar e traducir formas verbais pertencentes á terceira e cuarta conxugacións.

Seleccionar dúas ou tres oracións dun texto para analízalas e traducilas.

Indicar a qué declinación pertence unha serie de palabras).

Escribir numerais cardinais e ordinais latinos a partir dunhas cifras romanas dadas; indicar despois os correspondentes numerais en galego.

Analizar e traducir unhas oracións tendo en conta a presenza do imperativo e a función do vocativo.

Confeccionar unha lista na que consten dous exemplos de cada un dos cambios estudiados sobre este tema: evolución dos grupos consonánticos.

Mencionar os nomes das provincias de Hispania nas tres grandes épocas; incluír os nomes dalgúns colonias e concellos indicando o topónimo latino e mais o galego actual.

Escribir un breve informe sobre as personalidades hispanas ofrecendo tamén a propia opinión sobre a súa influencia no mundo romano.

Identificar os pronomes nunhas oracións, analízalas e traducilas

Traducir ó latín unhas oracións galegas nas que se usen pronomes persoais para comprobar a subsistencia da declinación latina dos pronomes persoais.

Redactar un escrito sobre a importancia do latín na creación do léxico galego, valorando tamén a incorporación do léxico de orixe xermánica.

Comparar traducións efectuadas por diversos compañeiros e compañeiras e valorar as diferentes versións e interpretacións, sempre respectando o orixinal latino.

Comentar na clase algunha película ou cómic no que se atopase algún tema relacionado co exército romano, o seu funcionamento e organización.

Incluír nunhas oracións en galego os pronomes estudiados, indicar a súa función e traducir as oracións ó latín.

Explicar cómo evolucionaron os pronomes latinos ó galego; mencionar expresamente a procedencia do artigo determinado galego.

Escribir derivados galegos que conserven os sufixos *-eiro*, *-ería*.

Confeccionar unha lista coas divindades grecolatinas preferidas xustificando esa selección.

Comparar a organización relixiosa romana con outras que se coñezan, expresando semellanzas e diferencias.

Seleccionar algúns sintagmas preposicionais latinos que perduran en galego para explicar o seu significado e a situación na que se empregan.

Explicar o significado de palabras galegas formadas por algunha preposición latina mais un verbo.

Expoñer, nun escrito breve, diferencias e semellanzas entre ritos e costumes funerarios romanos e actuais.

Formar o infinitivo e mais o participio de presente duns verbos dados.

Analizar as funcións do infinitivo con valor nominal e do participio de presente concertado en oracións.

Escribir formas dos verbos irregulares segundo unha pauta.

Explicar a procedencia dos adxectivos galegos *cantante*, *estudiante*, *amante* e *docente*.

Inventar neoloxismos para novos aparellos a partir de étimos latinos e gregos coñecidos.

Indicar semellanzas e diferencias observadas entre a familia e a educación romanas e as actuais.

Analizar morfosintacticamente unhas oracións e transformalas en pasiva

Traducir uns aforismos latinos dados e buscar refráns galegos equivalentes indicando o seu uso  
Redactar un texto breve sobre o nacemento do galego e a súa evolución ata a Idade Media.

Presentar mediante un mural os vestidos e mais o calzado romano.

Emitir xuízos sobre a adecuación da dieta romana en comparación cos hábitos alimentarios actuais.

Formar a voz pasiva duns tempos dados da voz activa.

Traducir oracións de galego a latín que inclúan tempos da pasiva, participios e infinitivos.

Analizar e traducir oracións que conteñan construcións absolutas.

Escribir os participios regulares e irregulares galegos que evolucionaron a partir dos participios pasivos latinos).

Analizar morfosintacticamente oracións, incidindo sobre todo nos pronomes estudiados, e traducilas.

Explicar algúns cambios fonéticos e sintácticos experimentados polos pronomes latinos no seu paso ó romance galego.

Construír oracións nas que quede claro as situacións nas que se poden usar locucións latinas.

Formar adverbios latinos a partir de adxectivos.

Analizar morfosintacticamente oracións nas que aparezan adverbios, dicir o tipo de circunstancial indicado polo adverbio e traducir as oracións).

Explicar a procedencia dos adverbios galegos *cerca*, *canto*, *non*, *sempre* e *aquí*.

Escribir polo menos catro campos semánticos e agrupar neles palabras latinas que se aprendesen.

Comentar dúas ou tres das festividades celebradas polos romanos tendo en conta a equivalencia con algunha actual coñecida polo alumno/a.

Escribir oracións en galego que conteñan adxectivos en grao comparativo e superlativo e tradúcilas ó latín (pódese botar man do vocabulario recollido no anexo).

Responder algunhas preguntas sobre o comercio, as vías de comunicación e mais a moeda na época romana.

Formar o subxuntivo a partir dunhas formas verbais en indicativo respectando a persoa e mais o tempo.

Indicar de qué tipo é unha oración coordinada a partir da identificación dos enlaces.

Utilizar locucións que conteñan conxuncións latinas para construír oracións nas que quede claro o sentido da locución.

Conxugar algúns verbos en activa e en pasiva.

Traducir oracións, xa traballadas na clase, nas que apareza un enlace subordinante (ut, ne).

Escribir en pasiva formas verbais activas respectando o tempo de subxuntivo e mais a persoa verbal.

Analizar e traducir o diálogo da páxina 241 (exercicio 4) e comparar a tradución coa doutros compañeiros.

Construír oracións nas que se utilice a partícula *cum*, usando o vocabulario aprendido durante o curso.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Realizaranse tres exames por avaliación. Os tres exames versarán sobre a lingua latina, interpretación de textos, evolución do léxico latino e Roma e o seu legado (cultura e civilización). Os dous primeiros exames teñen un valor do 40% e o último dun 60%. Para que os temas de *Roma e o seu legado* poidan facer media deberán ter un mínimo do 50% da nota asignada a esas cuestións en cada exame. Os outros dous deberán ter un mínimo de 3 para facer media. Non haberá exames de recuperación. Considérase a materia recuperada ao aprobar a seguinte avaliación. A nota final será a media das tres avaliacións.



## CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2º BACHARELATO

### CONTIDOS MÍNIMOS

#### I. A lingua latina

Revisión da flexión nominal e pronominal. Formas menos usuais e irregulares.

Revisión da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais

do verbo.

Afondamento no estudio da sintaxe dos casos.

A oración composta. A subordinación: substantiva, adxectiva e adverbial; conxuncións.

construcións de participio e infinitivo.

#### II. Os textos latinos e a súa interpretación

Afondamento nas técnicas e na práctica da tradución e do comentario de textos.

Estudio sintáctico comparativo entre un texto orixinario e a súa tradución.

Uso do dicionario latino.

Comentario de textos.

Características formais dos diferentes xéneros literario: épica, lírica, teatro, oratoria e

historiografía.

#### III. O léxico latino e a súa evolución

Formación de palabras latinas. Composición e derivación.

Características diferenciais do latín fronte ao galego, ao castelán e a outras linguas romances.

Aprendizaxe do vocabulario específico de orixe grecolatina usual nas disciplinas que se estudian no bacharelato.

Expresións latinas incorporadas á linguaxe culta.

#### IV. Roma e o seu legado

Transmisión da literatura clásica.

Os xéneros literarios latinos e a súa influencia nas manifestacións posteriores: teatro, historiografía, oratoria, épica, poesía lírica e alexáica, epigrama, etc.

O legado de Roma en Hispania, e máis concretamente en Galicia. A romanización: vestixios nos restos arqueolóxicos e museos.

### **TEMPORALIZACIÓN**

1ª Avaliación : Traducción de textos en prosa e verso.

25 dos topónimos propostos polo coordinador de latín.

50 das expresións latinas propostas pola CIUG

Lectura da Traxedia de Lucrecia de Tito Livio.

Lectura do Discurso de Calgaco e Agrícola de Tácito

Temas de literatura : A historiografía e Tito Livio, A oratoria e Cicerón.

2ª Avaliación: Traducción de textos en prosa e verso.

25 dos topónimos propostos polo coordinador de latín.

50 das expresións latinas propostas pola CIUG.

Lectura de Apolo e Dafne, Píramo e Tisbe e Orfeo e Eurídice de Ovidio

Lectura dos poemas de Catulo e Lesbia (51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11).

Temas de literatura: A épica: Virxilio, A lírica: Horacio.

3ª Avaliación: Traducción de textos en prosa e verso.

25 topónimos.

50 expresións latinas

Proxección da película *Golfus de Roma* e a súa relación co teatro de

Plauto.

O teatro latino: Plauto

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

*1. Identificar e analizar en textos latinos orixinais os elementos da morfoloxía irregular (nominal e verbal) e da sintaxe da subordinación e comentar as súas variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas polo alumnado.*

-Recoñecer a morfoloxía das formas nominais e verbais irregulares.

-Identificar os mecanismos de subordinación máis usuais tendo en conta o uso de nexos, modos e tempos verbais.

-Analizar morfosintacticamente oracións complexas extraídas de textos latinos orixinais.

-Comparar a formación e funcionalidade das oracións subordinadas en latín e na lingua materna.

*2. Resumir, oralmente ou por escrito, textos latinos orixinais de distintos xéneros literarios, elaborando esquemas básicos do seu contido e diferenciando as ideas principais das secundarias.*

-Identificar as ideas principais e secundarias en textos e establecer resumos e esquemas que permitan a súa xerarquización.

-Ler e analizar textos orixinais e resumir o contido esencial.

*3. Verter ás linguas galega ou castelá, parcial ou totalmente, e de modo coherente, textos latinos procedentes de autores clásicos ou medievais pertencentes a diversos xéneros literarios.*

-Analizar e traducir textos de diversos xéneros literarios.

-Extraer as características morfosintácticas e léxicas dos diversos xéneros que permiten a súa caracterización.

-Aplicar mecanismos que garantan a cohesión dos textos así como a súa corrección.

*4. Comparar o léxico latino e grecolatino co das outras linguas coñecidas polo alumno/a, e deducir regras básicas de derivación e composición.*

-Agrupar palabras latinas por familias léxicas e observar os procedementos básicos de derivación.

-Formar palabras compostas e deducir os significados adquiridos.

-Comparar os sistemas de derivación e composición latinos e os das linguas de uso e de estudio.

-Identificar palabras de orixe grecolatina en textos propios das materias de estudio e explicar o seu significado.

*5.Relacionar os elementos (fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos) fundamentais constitutivos do latín e doutras linguas coñecidas polo alumnado e as súas estruturas sintácticas.*

- Observar e sistematizar os principais trazos evolutivos da lingua latina.
- Estudiar eses trazos en palabras que perduraron na nosa lingua comparando cultismos e palabras patrimoniais.
- Contrastar trazos lingüísticos da lingua latina cos da lingua materna e os doutras linguas obxecto de estudio.

*6.Planificar e realizar sinxelas investigacións sobre temas monográficos, manexando fontes de diversa índole, restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, artigos específicos, etc.*

- Seleccionar temas de interese para efectuar traballos monográficos.
- Consultar e seleccionar fontes de información de índole diversa.
- Recompilar materiais e distribuílos segundo unha estrutura coherente.
- Redactar traballos monográficos nos que se proporcione unha conclusión personalizada acerca do tema de investigación.

*7.Producir textos breves escritos en latín de retroversión, utilizando as estruturas propias da lingua latina.*

- Analizar morfosintacticamente frases e textos escritos na lingua materna identificando as estruturas principais.
- Contrastar as estruturas descubertas e buscar as correspondencias con estruturas latinas.
- Producir textos de retroversión co léxico e as estruturas latinas axeitadas.

*8. Identificar e comentar os elementos esenciais de textos de diversos xéneros literarios, con sentido completo e traducidos, e recoñecer as súas estruturas básicas diferenciadoras.*

-Resumir o contido esencial de textos latinos de diversos xéneros.

-Extraer os trazos característicos de temas, personaxes, espacios e tempos presentes en obras da literatura latina.

-Caracterizar e diferenciar os xéneros literarios do período clásico latino buscando en obras actuais pegadas da súa permanencia.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Realizaranse tres probas por avaliación: dúas probas serán de traducción e análise morfosintáctico e unha dos temas de literatura, expresións latinas, topónimos, prefixos e sufixos e lecturas.

Nas probas a avaliación máxima será: traducción: 6 puntos; cuestión gramatical: 1 punto; cuestións teóricas: 3 puntos.

Non haberá probas de recuperación.

Ademais na nota da avaliación teremos en conta o traballo diario do alumno ou alumna na clase así como a súa actitude positiva cara a asignatura de latín .

A nota final será a media das 3 avaliacións.